

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA EXIXIR MÁIS COMPROMISO SOCIAL E POLÍTICAS REAIS CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para exixir máis compromiso social e políticas reais contra as violencias machistas.

### **Exposición de motivos**

Dende o 2019, coa entrada do novo goberno socialista as políticas contra as violencias machistas e de igualdade e conciliación quedaron relegadas a un segundo plano meramente protocolario, que alén do traballo diario propio do funcionariado relativo á atención das vítimas de violencias machistas, non teñen iniciado ningunha acción específica máis que os días 25N e o 8M.

A falta de programas e propostas políticas neste eido, ademais da escusa da Covid 19, están causando un recorte de dereitos e de acceso a uns recursos que están quedando sen executar cando deberían de ser unha prioridade para loitar contra a violencia machista e a coeducación en igualdade para a mocidade.

Dende FeC consideramos que a igualdade debe constituír un eixo transversal que vertebre todas as políticas municipais, por iso presentamos unha batería de propostas en positivo e que abranguen diferentes ámbitos coas que recuperar a actividade en igualdade e a conciliación.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Creación da campaña “Mascarilla 25N” contra as agresións sexuais entre a mocidade e calquera muller que poida ver comprometida a súa liberdade afectivo-sexual. Esta campaña consiste na creación dunha sinal de identificación coas mans e coa frase clave “Ferrol en Negro”.

2. Recuperación da actividade regular da Casa da Muller. Voltar a programar as actividades e talleres para mulleres ademais de impulsar a Casa da Muller coma espazo de encontro seguro e lugar de tecer redes entre mulleres.

3. Recuperación da campaña “En Negro Contra as Violencias”. Adherirse novamente a unha campaña que é referente en Galicia e na que se implica todo o tecido económico, asociativo, educativo, deportivo, social e cultural, así coma toda a cidadanía, nunha resposta colectiva de rexeitamento das violencias de xénero e mais dos asasinatos machistas.

4. Apertura dos parques infantís, especialmente o do Cantón.

5. Recuperación dos campamentos en igualdade para nenas e nenos nos períodos estivais e aumento do número de prazas, así coma garantir a transparencia no acceso á inscrición vía rexistro, con publicación das bases e criterios de acceso.

6. Recuperación da revisión xinecolóxica do persoal municipal que se atopa dentro da materia de seguridade laboral.

7. Apoio do deporte feminino e ao staff técnico femenino nas equipas da cidade, impulsando o acceso ás instalacións deportivas con perspectiva de xénero e garantindo o reparto equitativo de recursos.

8. Cumprimento da Lei de paridade e democracia interna do Concello de Ferrol. Facendo especial fincapé nos actos organizados polo Concello ou nas sesións plenarias con aforo reducido.

9. Recuperación da revista «Machina». Creada para paliar o efecto Matilda, recollía entre as súas páxinas referentes femininos en ámbitos científicos e sociais da cidade de Ferrol, coma Rebeca Atencia, Luz Castro, Ana López-Suevos ou Paula Vázquez.

10. Recuperación das sesións de coeducación en igualdade e educación afectivo-sexual contra as violencias machistas na mocidade a través do traballo por parte de persoal técnico nos institutos da cidade.

Ferrol, 22 de novembro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común